

EU RECORDAREI POR VÓS

JUAN FORN

EN LITUANIA, ATA QUE CHEGARON OS NAZIS, ocorrían cousas como esta: cando nalgún xornal da capital non lembraban onde aparecera algún artigo, chamaban a un mozo de vinte anos que vivía nunha vila de 22 familias e 98 habitantes e el daba a resposta. Chamábano á oficina de correo da vila. O mozo deixaba o que estaba a facer e atendía ao teléfono, sempre daba unha resposta acertada e logo volvía ao traballo. O mozo chamábase Jonas Mekas, comezara lendo todos os libros e xornais vellos que tiña na casa dos pais e das casas dos veciños e en todas as casas da vila. Despois seguiu ampliando o seu radio de influencia cunha táctica infalible: ía á oficina de correo de cada vila, controlaba ás persoas que recollían os xornais e logo preguntáballes se lle deixarían ler ese xornal cando acabasen. Con vinte anos xa lera todo canto se escribira en lituano. Tamén publicara os seus primeiros poemas e de cando en cando, aguilloaba o mundo literario lituano atacando o seu provincianismo. Aínda así, chamábano da capital cada vez que necesitaban del e el sempre sabía a resposta. As cousas serían as mesmas de non ser pola chegada dos nazis e o mandaron coñecer mundo.

O que lle pasou a Jonas Mekas foi o mesmo que para oito millóns de europeos: os que sobreviviron aos campos de concentración e, logo da caída do réxime nazi, camiñaron polos campos de desprazados pois non tiñan onde volver. Jonas ía co seu irmán Adolfas, tiveron sorte de que non os separaran. Pero non os quería ninguén: de Lituania dicíanlles que non volvesen porque irían presos e os outros países non querían saber nada de dous lituanos que só sabían ler libros. Os campos de desprazados baleirábanse e pechábanse e os irmáns Mekas ían dun campo para o outro. Por cinco anos estiveron vivindo en alboios e facendo o traballo que ninguén máis quería facer, nunha Alemaña en ruínas, esperando que os acollese algún país. Nos infinitos traslados deses cinco anos, sempre que chegaban a un novo sitio e vían a equipaxe que tiñan, sempre lles facían a mesma pregunta: «E as súas cousas?» «Non temos nada máis, só temos libros», dicían eles. Por que non pararan de ler en todo aquel tempo, todo canto lles caía nas mans. («Déixannos ir á cidade», escribe na primavera do 1945, «remexemos nas librarías baratas das rúas, todo está en venda para poder ter comida, non temos cartos para mercar nada pero a min chócame todo canto podes absorber dun libro aínda que só o teñas nas mans»). Tampouco pararan de escribir: unha peza da equipaxe era un manuscrito de Jonas, un diario que tiña desde 1944. Nunha desas páxinas escribira: «Un diario é un lazo cun mesmo cando perdemos todos os lazos, cando todas as cousas nas que crían un tolearon».

Todas as cousas nas que cría Jonas Mekas tolearan nese tempo. No 1949 daba por perdida a Europa, quería librarse dela tanto como Europa quería librarse dos perdidos coma

el. Tampouco tiña moitas esperanzas nos EE UU cando chegou co seu irmán a Nova York, onde viviu na pobreza cinco anos máis, traballando nas liñas de montaxe dunha fábrica ata que aforrou para mercar a súa primeira cámara Bollex, coa que sería o patriarca do cinema avant-garde dos EE UU. Hoxe en día Mekas é un venerable ancián que ten noventa anos: na súa cidade segue viaxando no metro e facendo con dous patacóns os seus filmes caseiros; en Europa e Xapón homenaxeárono coma se fose o último sioux dunha banda na que estaban John Cassavetes ou Andy Warhol; en Lituania entenden o seu cinema aínda menos que en Nova York, veno máis coma un poeitiña máis no exilio, polos libríños que auto edita do seu peto e nos que vai recollendo os seus poemas en lituano.

El di fixo o mesmo toda a súa vida: na súa vila, nos campos de traballo e en América; lendo, escribindo e filmando. Só quería rexistrar canto pasara por diante dos seus ollos e estar dispoñible despois para atender a chamada dos que foran esquecidos, aínda que xa non quede vivo ningún dos compañeiros que chamaban desde a capital á oficina de correo da súa vila. O título dun dos seus filmes resume a súa vida e o seu credo artístico en oito palabras: «Mentres tiraba para adiante como podía, vin lóstregos de beleza». Naquel diario que escribiu nos cinco anos que botou nos campos de traballo e nos primeiros cinco anos en Nova York (que tiña de título Sen ter a onde ir e que remata o mesmo día no que mercou a Bollex e comezou a gravar), Mekas di: «Tentamos agochalo de calquera maneira, pero sempre aparece: o lirismo». Antes de que sequera imaxinase o que sucedería na súa vida logo de mercar a Bollex, escribiu: «O cazador que quere darlle ao cervo, non lle dispara dereito, apúntalle máis adiante. O mesmo ocorre coa vida humana: temos que apuntar ao momento seguinte para retratala».

Cando os irmáns Mekas xa vivían en Nova York, un matrimonio de vellos lituanos chegaron ao seu infame apartamento en Bowery. Eran as tres da mañá, os vellos viñan directamente desde o aeroporto, voaran desde Buenos Aires, onde vivían despois de deixar Europa. Souberon de que un Jonas Mekas vivía naquel enderezo, por iso estaban alí: porque se apelidaban Mekas e porque tiñan un fillo que se chamaba Jonas que se perdera na guerra. «Cando lles abrimos a porta miraron para nós, e nós miramos para eles e eles botaron a chorar e nós tamén choramos porque non eramos os fillos que buscaban». A última anotación que fixera Mekas no seu diario antes de que os aliados o liberasen dos campos de traballo para metelo en campos de desprazados dicía: «Había un home que pasaba o tempo buscando unha melodía que oír había moito tempo. E un día deu con ela. Só era unha nota, un ton, que oír había moitas veces: era o son do seu mesmo choro cando durmía».